



6, 7, 8 | novembro | 2012  
Centro Sociocultural  
Novacaixagalicia  
Praza da Constitución, s/n  
Ferrol

# ■ CREADORAS II ▶▶ GALEGAS ◀◀ DE IMAXE ●

## II ciclo de proxeccións ▶

### A construción do relato ideado

**MARTES, 6 DE NOVENBRO**  
**INTERFERENCIAS**  
16:30 h

**Gemma Pardo** (2012):  
Recreación, 7' 40"  
Experimental

**María Ruido** (2010):  
Lo que no puede ser visto debe ser mostrado, 12'  
Documental de apropiación

**Xoán Anleo e Uqui Permui** (2006/07):  
Asuntos Internos, 22' 40"  
Documental

**Salomé Lamas** (2012):  
A Comunidade, 23'  
Documental

**María Ruido** (2011):  
ElectroClass, 53'  
Documental de desmontaxe

**MÉRCORES, 7 DE NOVENBRO**  
**TRABALLO E RESISTENCIA**  
17:00 h

**Nadejda Tilha** (2008):  
Nós, operárias da Sogantal, 53'  
Documental

**Ariane Porto** (2000):  
A mulher e o mar, 13'  
Documental

**Uqui Permui** (2010):  
Doli, doli, doli... coas conserveiras, 57'  
Documental

**XOVES, 8 DE NOVENBRO**  
**A TRAVÉS DOS LUGARES**  
16:30 h

**Xisela Franco e Noé Rodríguez** (2004):  
Aadat, 22'  
Documental etnográfico

**Cora Peña** (2010):  
Apash, os de fóra, 88'  
Documental

**Sandra Sánchez** (2012):  
Tralas luces, 112'  
Documental



CONSELLO DA  
CULTURA GALEGA



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Igualdade



novacaixagalicia

## INTERFERENCIAS martes 6 novembro 16:30 h

Os traballos desta sesión están realizados no límite ou, pola contra, na superposición, entre o cinema de autora e a videocreación. Son relatos ficticios ou reais que amosan outras narrativas, que exigen a (re)transmisión e a visibilidade que lles corresponden.

### PRESENTACIÓN

Uqui Permui e Encarna Otero Cepeda  
Coordinadoras do ciclo

María Xosé Agra Romero  
Coordinadora da Comisión de Igualdade do CCG

### RECREACIÓN



**SINOPSE** Instalación de vídeo monocanle que explora a relación entre as persoas e o seu ámbito de relacións destacando os límites sutís entre explotación e ocio. A través das sucesivas imaxes que o compoñen, non se pode evitar pensar nas asociacións e as contradicións entre os espazos, as persoas, o ambiente que as rodea e o uso e pertenza ao mesmo, como obxectos ou suxeitos.

**FICHA\_ARTÍSTICA\_**  
Dirección e guión: Gemma Pardo

**FICHA\_TÉCNICA\_**  
| Tipo: Vídeo | Xénero: Experimental |  
Produción propia | Duración: 7'40" |  
Ano: 2012 | Idioma: non audio |

### LO QUE NO PUEDE SER VISTO DEBE SER MOSTRADO



**SINOPSE** É un documental sobre a memoria da transición, construído a partir de certas producións do cine militante que contradín as imaxes oficiais que elaboraron a nosa memoria do final do franquismo e do inicio da democracia. O título remite á capacidade da arte de visibilizar aquilo que non ten representación. Amósase o que non ten visibilidade (cando menos hexemónica), o que está ausente das políticas de memoria.

**FICHA\_ARTÍSTICA\_**  
Dirección e guión: María Ruido

**FICHA\_TÉCNICA\_**  
| Tipo: Curtametraxe | Xénero: Documental  
de apropiación | Produción: Producciones  
Doradas (Barcelona) | Duración: 12' |  
Ano: 2010 | Idioma: Castelán |

### ASUNTOS INTERNOS



**SINOPSE** Do íntimo ao público. Os relatos privados de catro mulleres de distintas xeracións fan visíbel a estrutura histórica do último século. Da república aos anos da ditadura de Franco, o exilio, a transición e o cambio socialista. Os relatos destas mulleres transcurren paralelos á historia, malia térselles negado formar parte da Historia (con maiúscula).

**FICHA\_ARTÍSTICA\_**  
Dirección e guión: Xoán Anleo e Uqui Permui

**FICHA\_TÉCNICA\_**  
| Tipo: Curtametraxe | Xénero: Documental  
| Produción: Uqui-Cebra | Duración: 22'40" |  
Ano: 2006/07 | Idioma: Galego |

### A COMUNIDADE



**SINOPSE** Trátase dun pequeno documental focalizado en CCL na Costa Vella (Caparica), o parque de campismo máis antigo de Portugal.

**FICHA\_ARTÍSTICA\_**  
Dirección e guión: Salomé Lamas

**FICHA\_TÉCNICA\_**  
| Tipo: Documental | Xénero: Comedia |  
Produción propia | Duración: 23' | Ano: 2012  
| Idioma: Portugués (Subtítulos: inglés) |

### ELECTROCLASS



**SINOPSE** É unha película para, sobre e contra a televisión. Tomando o arquivo da ETB como material de base e a cidade de Bilbo como caso de estudo concreto, faise unha reflexión sobre a disolución do concepto de clase traballadora tradicional, sobre os cambios nas nosas condicións de traballo desde o capitalismo industrial á terciarización e sobre a radical transformación da cidade "polis" na "marca Bilbao".

**FICHA\_ARTÍSTICA\_**  
Dirección e guión: María Ruido

**FICHA\_TÉCNICA\_**  
| Tipo: Mediametraxe | Xénero: Documental  
de desmontaxe | Produción: Consonni (Bilbo) | Duración: 53' | Ano: 2011 | Idioma: Castelán, éuscaro, francés, inglés e alemán (Subtítulos: Castelán ou inglés) |

## TRABALLO E RESISTENCIA mércores 7 novembro 17:00 h

A maioría dos documentais de temática laboral están realizados dende unha mirada externa. Poucas veces podemos atoparnos con documentos que narren desde primeira persoa ou que se integren no propio lugar da acción, como é o caso dos tres documentais seleccionados neste apartado, que captan a angustia e a diversión desde a propia pel das mulleres traballadoras. E a rebelión acaba sendo contagiosa.

### NÓS, OPERARIAS DA SOGANTAL



**SINOPSE** A loita das operarias da Sogantal é un dos episodios máis simbólicos da "explosión social" que Portugal vivía en 1974. Unha loita liderada exclusivamente por mulleres é o exemplo paradigmático das convulsións vividas en pleno clima revolucionario pos-25 de abril. É unha escena de ascensión de persoas anónimas da sociedade portuguesa. Trinta anos despois, que resta das mulleres da Sogantal?

**FICHA\_ARTÍSTICA\_**  
Dirección e guión: Nadejda Tilhou

**FICHA\_TÉCNICA\_**  
| Tipo: Longametraxe | Xénero: Documental |  
Produción: Alter Ego, Télésonne | Duración: 53' | Ano: 2008 | Idioma: Francés/portugués |

### A MULHER E O MAR



**SINOPSE** Dona Risoleida, Verónica, Ana Paula, Eunice, Dona Josefa, Amélia e Jandira son pescadoras. Procedentes de diferentes Estados brasileiros (Per-nambuco, Ceará, Alagoas e São Paulo), revelan, a través dos seus relatos, os misterios, alegrías e tristezas que rodean as mulleres do mar no seu día a día. Nas súas historias, a súa acción comunitaria, as diferentes artes de pesca, a dura relación co mar, coa familia.

**FICHA\_ARTÍSTICA\_**  
Dirección e guión: Ariane Porto

**FICHA\_TÉCNICA\_**  
| Tipo: Vídeo | Xénero: Documental |  
Produtora: Tao producoes | Duración: 13' |  
Ano: 2000 | Idioma: Portugués |

### DOLI, DOLI, DOLI... COAS CONSERVEIRAS



Presenta e modera debate: Uqui Permui

**SINOPSE** En 1989, preto de cen mulleres, catro delas en folga de fame, péchanse na fábrica de conservas de Odosa, na Illa de Arousa, como protesta polo seu peche inminente. Para contar o que estaba sucedendo graváronse en vídeo. Este documental parte dese material. Narra unha historia de solidariedade e de loita pola dignidade e descobre como era e como é o traballo nas fábricas de conserva e as relacións laborais das mulleres.

**FICHA\_ARTÍSTICA\_**  
Dirección e guión: Uqui Permui

**FICHA\_TÉCNICA\_**  
| Tipo: Longametraxe | Xénero: Documental  
| Produtora: Sic-lab.net | Duración: 57' |  
Ano: 2010 | Idioma: Galego |

## A TRAVÉS DOS LUGARES xoves 8 novembro 16:30 h

Unha sesión que implica o contexto: os lugares e o momento histórico. Cada unha destas propostas amosa unha forma de narrar diferente co mesmo obxectivo: somerxerse no mundo que nos rodea.

### AADAT



**SINOPSE** Hai pobos que constrúen as súas vidas desde a vontade alí onde reina

o inerte, onde a paisaxe é árida e morta e só existen extensións infindas de area e pedras. "Aadat" descobre o milagre que é a vida do pobo saharauí. Esquecidas, desoídas, condenadas á supervivencia máis extrema, as e os saharauís conservan aínda a súa esperanza de xustiza.

**FICHA\_ARTÍSTICA\_**  
Dirección e guión: Xisela Franco e Noé Rodríguez

**FICHA\_TÉCNICA\_**  
| Tipo: Cine experimental 16 mm |  
Xénero: Documental etnográfico | Pro-  
dutora: EpojéFilms | Duración: 22' | Ano: 2004 | Idioma: Hasaniya (Subtítulos: Castelán ou inglés) |

### APASH, OS DE FÓRA




**SINOPSE** Debería ser a crónica dun aventureiro galego que viaxa ao Alto Marañón, en Perú, na procura dun fillo do emigrante ourensán chamado "o rei dos xibaros" un século atrás. Pero os gardiáns da selva teñen mellores cousas que contar: están acurrallados pola voracidade extractiva de Occidente e a Amazonía, o seu fogar e pulmón da Terra, que está en serio perigo de destrución.

**FICHA\_ARTÍSTICA\_**  
Dirección e guión: Cora Peña

**FICHA\_TÉCNICA\_**  
| Tipo: Documental | Xénero: Social, Medio-  
ambiental | Produtora: Tintimán Audiovisual  
| Duración: 88' | Ano: 2010 | Idioma: Galego,  
castelán, awajún (Subtítulos: Galego) |

### TRALAS LUCES



**SINOPSE** É a historia dunha viaxe. A viaxe de Lourdes. Unha feirante que, xunto coa súa familia e a súa pista de coches de choque ás costas, percorre, na súa caravana, as estradas, vilas e aldeas do norte de España. Descubriremos un mundo en perigo de extinción, unha vida itinerante e sobre todo, unha grande historia de amor e de perda.

**FICHA\_ARTÍSTICA\_**  
Dirección e guión: Sandra Sánchez

**FICHA\_TÉCNICA\_**  
| Tipo: Longametraxe | Xénero: Documental | Produtora: Fernanda del Nido (Tic Tac Producciones, Galicia) | Coproducida por: Hugo Castro Fau (Lagarto Cine, Argentina) & Pandora da Cunha Telles (Ukbar Filmes, Portugal) | Produtora Executiva: Fernanda del Nido | Director de Producción: Óscar Pousada | Duración: 112' | Ano: 2012 | Idioma: Portugués, galego, castelán (Subtítulos: Galego) |

### MESA DEBATE

Modera: Encarna Otero Cepeda  
Participan: Xisela Franco e Cora Peña

### CLAUSURA

Encarna Otero Cepeda

## CREADORAS II GALEGAS DE IMAXE

A produción audiovisual en Galicia experimentou nos últimos anos un importante incremento cualitativo e cuantitativo. Non son poucas as mulleres que están a intervir neste feito traballando nos diferentes eidos deste ámbito creativo (cámaras, directoras, guionistas, realizadoras, montadoras, etc.). Non obstante, nas mostras de documental e cinema galegos séguese a observar un, cando menos curioso, silenciamento das propostas de novas directoras. Son estas cuestións as que configuran o obxectivo fundamental do ciclo *Creadoras galegas de imaxe*. Trátase de dar a coñecer e difundir propostas e obras de mulleres; contribuíndo, así, a paliar a desinformación e invisibilidade existente.

Esta segunda edición do ciclo, coordinada por Uqui Permui e Encarna Otero Cepeda e organizada pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, focaliza a súa atención na produción de creadoras galegas que traballan nos xéneros cinematográficos de ficción, documental e animación (curta e longametraxe), baixo olladas feministas. Desde estas perspectivas están a rachar coa imposición de estándares estéticos. Isto implica a ruptura cos convencionalismos e a busca de novas formas de representación. Ese é o punto de partida deste segundo ciclo de cine, que se divide en tres sesións: "Interferencias", "A través dos lugares" e "Traballo e resistencia".

Coordinan:  
Uqui Permui e Encarna Otero Cepeda  
Organiza:  
Comisión de Igualdade do CCG

Datas de realización:  
6, 7 e 8 novembro de 2012

Lugar de realización:  
Centro Sociocultural Novacaixagalicia de Ferrol  
Praza da Constitución, s/n, Ferrol

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela

Tif. 981 95 72 02  
Fax 981 95 72 05  
difusion@consellodacultura.org

www.consellodacultura.org



## CREADORAS II GALEGAS DE IMAXE

II ciclo de proxeccións ▶

A construción do relato ideado



6, 7, 8 | novembro | 2012  
Centro Sociocultural  
Novacaixagalicia  
Praza da Constitución, s/n  
Ferrol

